

Na primeira metade do século pasado o mozo Belarmino Fernández Iglesias, un veciño de Rosende, unha parroquia do concello de Sober, no corazón da Ribeira Sacra lucense, emigrou a Brasil para buscar un futuro mellor, fuxindo da pobreza da postguerra civil española. A súa vontade e o seu talento, xunto coa boa sorte fixeron que máis de medio século despois posúise unha cadea de restaurantes e explotacións gandeiras en varios países de latinoamérica.

Foi entón a súa vontade que parte desa fortuna revertese no seu pobo natal e creou a Fundación que leva o seu nome.

Entre as múltiples accións da Fundación estivo a creación dunha Escola de Hostalería (CPR Belarmino Fernández Iglesias); que se inaugurou en 1997, sendo a día de hoxe a única escola do ramo no sur da provincia de Lugo e, na actualidade, a única na provincia que imparte estudos en Vitivinicultura.

A Fundación Belarmino Fernández Iglesias constitúese o 2 de febreiro de 1996 e nace do desexo expresado polo fundador de contribuír á prosperidade de Galicia e ao seu desenvolvemento cultural. A actividade principal e prioritaria é a formación profesional nas actividades de hostalería e turismo sen prexuízo de poder atender calquera outro fin educativo ou cultural.

Desde o ano 1997 ata a actualidade impártense ciclos formativos de grao medio de Cociña e gastronomía e de Servizos en restauración como centro privado-concertado coa Xunta de Galicia, dependendo administrativamente do IES A Pinguela (Centro público situado en Monforte de Lemos). Así mesmo, a Fundación Belarmino Fernández Iglesias – CPR Belarmino Fernández Iglesias, dada a vinculación internacional pola residencia do seu fundador en Brasil, organizou nas súas instalacións varios Simposios e Cursos con diferentes Universidades españolas e brasileiras e coa colaboración doutras institucións. Actualmente no Centro impártese, ademais dos ciclos citados, o ciclo formativo de grao superior de Vitivinicultura e formación dirixida a desempregados.

A Dirección da FUNDACIÓN BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS enfoca o Sistema da Calidade como unha maneira de organizar o funcionamento da FUNDACION BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS partindo duns piares básicos como son a calidade dos seus servizos, a satisfacción do cliente e a mellora continua da eficacia do Sistema. Para iso, o Sistema de Xestión da Calidade da FUNDACION BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS baséase en:

- ❖ A consecución, mantemento e mellora do nivel de calidade desexado pola FUNDACION BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS só poderá lograrse co compromiso e participación de todo o persoal, e o aproveitamento do seu potencial creativo e as súas habilidades.
- ❖ Esta implicación debe lograrse a través da comprensión do efecto que, sobre a calidade do servizo ofrecido, teñen as achegas individuais, a información, a comunicación e a través da acción dos líderes en todas as áreas e niveis da organización.
- ❖ A calidade obtense planificando, executando, revisando e mellorando o Sistema de Xestión para previr os posibles erros.
- ❖ Tanto a Dirección como o persoal da FUNDACION BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS comprométense a cumprir os requisitos legais e regulamentarios que lle son de aplicación.

- ❖ Compromiso cara á satisfacción de todos os nosos clientes mediante o compromiso de toda a organización en cumprir coas súas necesidades e requisitos, así como os requisitos legais e regulamentarios e os propios dos produtos.
- ❖ Só mellorando de forma continua os procesos, métodos, servizos, etc., pódese garantir unha maior eficacia interna, unha mellor resposta ás expectativas dos clientes e, por tanto, a mellora da súa satisfacción.
- ❖ O persoal de FUNDACION BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS, independentemente de cales sexan as súas funcións e responsabilidades, debe analizar os datos á súa disposición referentes ás actividades que realiza en busca de oportunidades de mellora.
- ❖ Por este motivo, a mellora continua debe ser un obxectivo permanente de todos e referido a todas as actividades desenvolvidas en FUNDACION BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS.
- ❖ O noso compromiso coa calidade diríxenos a prestar a máxima atención á evolución tecnolóxica e ás posibles melloras que as novas tecnoloxías puxesen á nosa disposición.
- ❖ Requírese da participación e colaboración de todos polo que esta política é difundida a todo o persoal da FUNDACION BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS para o seu coñecemento e comprensión.
- ❖ Todos os membros que interveñen no día a día da nosa organización son unha parte activa na procura da mellora continua, desde docentes, alumnado e empregados en xeral, onde se procura satisfacer todas as súas necesidades e alcanzar as expectativas de cada unha delas.

Para a aplicación efectiva destes principios, é absolutamente necesario o apoio aos mesmos tanto do equipo directivo como do persoal.

Dirección

Rosende, 1 de Setembro de 2020